

Marjorie Lee Browne (Tennessee, 1914-Durham, 1979)



A súa nai morreu cando ela tiña 2 anos. O seu pai era ferroviario e afecionado ás Matemáticas.

Realizou os seus estudos primarios e medios nunha escola metodista para alumnado afroamericano. Graduouse, cum laude, na Howard University en 1935.

O seu traballo estivo centrado en Álgebra linear e matricial.

En 1949, co traballo *Studies of One Parameter Subgroups of Certain Topological and Matrix Groups*, convértese, xunto con Evelyn B. Granville, nas primeiras afroamericanas en doutorarse en Matemáticas.

Browne viu a importancia da informática no ensino. Conseguiu unha subvención de 60000 dólares, de IBM, para ter un ordenador –NCCU en 1960– un dos primeiros ordenadores en informática académica, e probablemente o primeiro nunha escola historicamente negra.

Durante toda a súa carreira, Browne axudou a estudantes especialmente dotados para as Matemáticas e ofreceulles soporte financeiro para seguir na educación superior.

Estableceu institutos de verán para proporcionarlle educación continua en Matemáticas ao profesorado de instituto.